



Plan de acción tutorial

1. Escenarios

Presencialidade:

Todas as persoas integrantes dun grupo poden asistir. Non existen limitacións de aforo para as persoas integrantes do grupo con respecto á aula asignada.

Semi-presencialidade:

Non todas as persoas integrantes dun grupo poden asistir ás aulas por causas de forza maior: limitacións de aforo, ou por estaren en corentena.

No caso de grupos que superen o aforo da aula, se impón a asistencia rotatoria que se fixará de modo que permita a maior taxa de asistencia posible.

Non-presencialidade:

A asistencia ás aulas está restrinxida por causas de forza maior. Pode afectar a todo o grupo ou a persoas que reúnen determinadas características.

Inclúense neste epígrafe todas aquelas persoas que non poden asistir ao centro con máscara.

2. Actuacións segundo os escenarios

Presencialidade:

A aula virtual de cada grupo conterà como mínimo:

- a secuenciación do curso,
- a programación do departamento ou unha ligazón á mesma,
- outros contidos así designados na programación didáctica do nivel.

Semi-presencialidade:

A maiores dos sinalados no escenario anterior, a atención tutorial pasará por incluír na aula virtual:

- materiais de traballo na sesión presencial de aula, caso de seren susceptibles de dixitalización,
- outro material de traballo da sesión presencial de aula, que o/a docente estime en función de cada caso individual, para facilitar a aprendizaxe,
- aquelas tarefas suxeitas a datas de entrega.

Non-presencialidade:

A maiores dos sinalados nos escenarios anteriores, a persoa docente do grupo distribuirá/organizará as 4h de docencia semanal do grupo, do xeito máis eficiente, conforme estas directrices:

- manter o contacto co alumnado mediante as ferramentas corporativas,
- dar apoio para as distintas destrezas de linguas mediante medios telemáticos.
- seguindo os horarios espello publicados no plan de continxencia á covid19

3. Directrices comúns independentemente do escenario

A atención tutorial realizarase, prioritariamente mediante medios telemáticos.

A persoa docente deberá empregar as ferramentas corporativas para levar a cabo a función tutorial establecida neste plan de acción. O docente pode configurar ou facer uso das ferramentas corporativas de xeito que se garanta o seu dereito á intimidade.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía de Arousa

Rúa Entrante nº7
36600 Vilagarcía de Arousa
Telfs: 986 566 440 – Fax: 986 566 450

A persoa docente empregará o correo electrónico para se comunicar co alumnado, segundo os termos de tratamento da información establecidos no plan de comunicación. Os correos corporativos @eoivga.org serán utilizados para:

- comunicación **interna** en xeral: avisos, coordinacións, etc.
- comunicación co alumnado en cuestións de información xeral, titorías, traballo de aula.

IMPORTANTE: Toda información que conteña **datos persoais do alumnado ou cualificacións académicas** deberá ter orixe e destino nunha conta de correo @edu.xunta.gal

Segundo as instrucións do plan de adaptación á covid19, os/as docentes identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e notificarano ao equipo directivo. O equipo directivo realizará unha listaxe deste alumnado e as súas necesidades no caso dun eventual paso ao ensino a distancia.